

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE OUTUBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se dispón que cese Almudena Chacón Pichel como interventora xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se nomea interventor xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a Arturo López Iglesias
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Planificación e Orzamentos a Almudena Chacón Pichel.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Sendas na AC-433 (antigo trazado) en Soesto e Serantes, no concello de Laxe.

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se aproba a adscrición do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) á Universidade de Santiago de Compostela (USC).

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento dun proxecto de estudo da planta local galega e o impulso de novos procesos de fusión municipal, cun orzamento total de setenta e dous mil seiscientos euros (72.600 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia para a promoción do turismo termal a través do Programa de estadias en balnearios de Galicia Verán e Outono Termal, por un importe de setenta e cinco mil euros (75.000 €).

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do acordo marco cun único empresario en cada lote, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento tecnolóxico para a inclusión e capacitación dixital (expediente AMT-2021-0134) por un valor estimado máximo de catro millóns trescentos oitenta e tres mil novecentos vinte euros (4.383.920€).

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se reaxustan as anualidades da Resolución do 8 de xuño de 2021 pola que se convocan as bolsas do Instituto Galego da Vivenda e Solo para o ano 2021.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Consellería de Sanidade, a través do Laboratorio de Saúde Pública, para o control da calidade das augas na realización de plans municipais de abastecemento autónomo, por importe de cento dezaioito mil cincocentos trinta euros (118.530 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III para a mellora do coñecemento da infección polo VIH en Galicia, por importe de vinte e tres mil oitocentos cinco euros (23.805 €).

### CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que autoriza o cambio de uso forestal do solo rústico de protección forestal incluído na modificación puntual do PXOM do Concello de Ribeira (A Coruña), denominada solo urbanizable industrial.

### INFORMES

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre os plans complementarios de Galicia co Ministerio de Ciencia e Innovación: comunicación cuántica, ciencias mariñas e biotecnoloxía aplicada á saúde.
- Informe sobre as novas axudas para a implantación de sistemas térmicos renovables e o fomento do autoconsumo e o almacenamento.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria.

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre os avances conseguidos no marco do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias para a protección das aldeas fronte aos incendios forestais.

#### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúen á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental (código de procedemento PE209C).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA NOMEA INTERVENTOR XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA A ARTURO LÓPEZ IGLESIAS

É licenciado en Matemáticas e ata o momento ocupaba o posto de auditor no Consello de Contas de Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Arturo López Iglesias como interventor xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nado na Estrada en 1973, é licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e funcionario da escala superior de finanzas da Xunta de Galicia (grupo A1) desde o ano 2004. Ademais ten un *Máster en Administración Financeira e Tributaria* (USC), un *Máster en Big Data e Business Analytics* pola Universidade Complutense de Madrid, e un curso de pos grao en Dereito Tributario pola Universidade de Santiago de Compostela, entre outros.

Arturo López desenvolveu a súa carreira administrativa como subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario na Consellería de Cultura (2008-2010), posteriormente foi subdirector xeral de Planificación Económica na Consellería de Facenda (2010-2012) e subdirector xeral de Programación Financeira do Sector Público na Consellería de Facenda (2012-2017).

Desde o 2017 e ata o de agora, Arturo López viña desempeñando o posto de auditor no Consello de Contas de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS A ALMUDENA CHACÓN PICHEL

É licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais e ata o de agora ocupaba o cargo de interventora xeral da Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Almudena Chacón Pichel como directora xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Nada na Coruña en 1973, é licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais, na especialidade de Empresariais pola Universidade da Coruña e funcionaria da escala superior de finanzas da Xunta de Galicia (grupo A1) desde o ano 2001. Ademais dispón do *Máster in fiscal studies* pola Universidade de Bath (Reino Unido) e do diploma de directivo da Xunta, entre outros.

Almudena Chacón comezou a súa carreira administrativa no ano 2001 como xefa do Servizo de Fiscalización e Contabilidade na Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural (2001-2005), posteriormente foi interventora delegada da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (2005-2009), e tamén subdirectora xeral de Coordinación e Relacións co Consello de Contas na Intervención Xeral da Consellería de Facenda (2009-2011).

Desde o 2012 e ata o de agora, Almudena Chacón viña desempeñando o posto de interventora xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Consellería de Facenda e Administración Pública.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DAS SENDAS DE SOESTO E DE SERANTES, NO CONCELLO DE LAXE

- A actuación, cun investimento de 334.000 €, facilitará os desprazamentos a pé dos veciños e favorecerá unha mobilidade máis segura e sustentable nestes núcleos
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará as obras entre finais de ano e principios de 2022
- Executaranse en total algo máis de 1,3 quilómetros de itinerarios peonís ao longo do antigo trazado da estrada AC-433
- Conectaranse pola marxe esquerda da vía os lugares do Rueiro e Castrelo, en Soesto, e pola marxe dereita, o núcleo de Serantes coa igrexa de Santa María e o cemiterio
- Estes novos itinerarios súmanse aos impulsados nunha primeira fase do Plan de sendas da comarca de Bergantiños, que supuxo a execución de 11 km de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe cun investimento de preto de 5 M€
- O Goberno galego continuará impulsado a construción de novos itinerarios na comarca, como as previstas no Couto e Xornes, en Ponteceso, ou a que conectará o centro comercial de Coristanco

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción das sendas de Soesto e Serantes, no concello de Laxe.

O Goberno galego investirá 334.000 euros nestes dous itinerarios, que se executarán ao longo do antigo trazado da estrada AC-433 co obxectivo de facilitar os desprazamentos a pé dos veciños e favorecer unha mobilidade máis segura e sustentable nestes núcleos. Neste orzamento inclúese tamén o pagamento dos 19 predios necesarios para levar a cabo esta actuación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras entre finais de 2021 ou principios de 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses.

A intervención suporá executar en total algo máis de 1,3 quilómetros de sendas, que se construírán en formigón coloreado, para facelas máis visibles, e de cor terrizo natural, para unha mellor integración na contorna. O ancho destes itinerarios oscilará entre os 1,50 e os 2 metros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A senda do núcleo de Soesto proxéctase pola marxe esquerda da AC-433 e ten como obxectivo conectar os lugares do Rueiro e Castrelo. Executarase un itinerario de preto de 600 metros de lonxitude, do punto quilométrico 10+240 ao 10+821, o treito máis urbanizado e, tamén, o que empregan os veciños para ir á praia de Soesto.

No caso de Serantes, a senda executarase ao longo de algo máis de 700 metros de lonxitude pola marxe da estrada actual, pero apoiada na antiga traza, entre os núcleos de Conlle e O Piñeiro. Neste caso, o itinerario discorrerá pola marxe dereita da vía, entre os puntos quilométricos 11+390 ao 12+112, para favorecer a conexión coa igrexa de Santa María de Serantes e o cemiterio.

A intervención proxectada incluírá a recolocación de toda a sinalización e das defensas existentes. Na zona de Serantes proxéctanse novas defensas que consisten na colocación de 454 metros de varanda metálica galvanizada e 14 balizas cilíndricas flexibles tipo, con bandas retroreflectoras.

Esta actuación é susceptible de financiamento a través dos fondos REACT-UE.

### **Plan de sendas de Galicia na comarca de Bergantiños**

Estas dúas novas actuacións en Laxe súmanse á senda peonil e ciclista que conecta a vila e o paseo marítimo, xa en servizo desde o verán pasado, que supuxo un investimento da Xunta de 330.000 €. Con ese itinerario conéctase a zona deportiva, educativa e de lecer de Cabo da Area, centro de equipamentos do municipio, coa propia vila.

Ademais, as novas sendas que a Xunta construírá en Laxe súmanse aos 7 itinerarios, 6 xa en servizo, no marco da primeira fase do Plan de sendas da comarca de Bergantiños. Nestes momentos estase a executar o itinerario previsto entre Carballo e Coristanco, cun investimento autonómico de máis de 1 millón de euros. En total, a Xunta impulsou a execución de 11 quilómetros de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe cun investimento de preto de 5 millóns de euros. As actuacións están cofinanciadas con fondos Feder 2014-2020.


O Goberno galego seguirá impulsando a construción de novas sendas na comarca de Bergantiños co obxectivo de dotar os veciños de itinerarios que lles permitan facer os seus desprazamentos cotiáns de xeito máis cómodo, seguro e sustentable. Estanse a tramitar xa varios proxectos de actuacións para levar a cabo a curto prazo, como as sendas previstas no Couto e Xornes, en Ponteceso, ou a que conectará o centro comercial de Coristanco.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de situación da actuación:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE O CENTRO SUPERIOR DE HOSTALERÍA DE GALICIA SE ADSCRIBE Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O Consello da Xunta dá luz verde ao documento que permitirá o impulso dun novo título de grao universitario oficial con validez en todo o territorio nacional

O Consello da Xunta deu luz verde ao decreto polo que o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) se adscribe á Universidade de Santiago de Compostela, un paso previo necesario para crear un novo título de grao universitario oficial con validez en todo o territorio nacional en materia de xestión hostaleira. Supón tamén que a Xunta complete así un proceso iniciado hai anos para que Galicia conte con estudos universitarios oficiais neste campo.

Ata o de agora, o CSHG estaba vinculado á Universidade de Santiago de Compostela a través dun convenio asinado en 1995, polo que imparte o título de diploma superior en Xestión Hoteleira como título propio da USC. Tanto desde a Universidade como desde o centro coincídese na necesidade de cubrir o oco no sistema universitario galego, por iso foi necesario formalizar un novo convenio de adscrición do centro á USC, que se asinou en xaneiro deste ano.

Dando continuidade aos pasos marcados pola Lei do Sistema universitario de Galicia, era necesaria a aprobación dun decreto de adscrición para impartir títulos universitarios de carácter oficial a través do Consello da Xunta, requisito que foi aprobado hoxe tras os pertinentes informes favorables.

A día de hoxe, o CSHG está integrado na Axencia de Turismo de Galicia, actualmente adscrita á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e conta con infraestruturas e equipo humano que o avala. O plan estratéxico do CSHG 2020-2025 impulsado pola Xunta prevé un investimento de 3,5 millóns de euros para a reforma integral das instalacións e equipamentos do CSHG, dos cales 2,2 millóns xa foron licitados no ano 2020 para un centro máis eficiente e sustentable.

Tras a aprobación do decreto, o seguinte paso para que avance a posta en marcha da titulación será que a proposta de grao presentada pola Universidade de Santiago de Compostela acade os informes favorables preceptivos para ser verificado finalmente polo Ministerio de Universidades.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO COA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA ANALIZAR AS FUSIÓNS MUNICIPAIS E IMPULSAR OUTRAS NOVAS

- O estudo pretende abrir un debate sobre a necesidade de actualizar o mapa político-administrativo de Galicia, avaliar se a actual planta municipal é eficiente, estudar alternativas que melloren a súa eficacia e mitiguen os problemas que xera o despoboamento e formular propostas para incentivar novos procesos de fusión
- A Xunta destinará 72.600 euros ao proxecto, que estenderá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2022

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio entre a Vicepresidencia Primeira e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento dun proxecto para o estudo da planta local galega e o impulso de novos procesos de fusión municipal, por un importe de 72.600 euros.

Desde o ano 2013, a Xunta de Galicia vén facendo unha aposta decidida pola xestión compartida de servizos públicos e polas fusións municipais voluntarias, impulsando activamente a xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación dos servizos aos cidadáns en condición de calidade.

O mapa político-administrativo local de Galicia data de comezos do século XIX e precisa dunha actualización, sobre todo polo acusado declive demográfico das zonas rurais, o que se traduce nuns servizos públicos máis deficientes e na dificultade das administracións locais de financeiros. Por outra banda, no territorio galego conviven diferentes figuras administrativas, como as entidades menores, parroquias, concellos, mancomunidades, áreas metropolitanas e comarcas, un modelo complexo que é necesario revisar e racionalizar.

Galicia é a única comunidade autónoma en que se culminaron con éxito dous procesos de fusión voluntaria municipal, a dos concellos coruñeses de Oza e de Cesuras, culminada en 2013, e a dos concellos pontevedreses de Cerdedo e Cotobade, formalizada no ano 2016.

Por outra banda, a Fundación Juana de Vega conta cun equipo especializado na caracterización socioeconómica e demográfica dos concellos de Galicia, de aí que sexa a entidade encargada de realizar un estudo multidisciplinar (xeográfico, económico, xurídico e sociolóxico) que permita avaliar a posibilidade e viabilidade económica, social e política de impulsar novos procesos de fusión municipal en Galicia, propoñendo liñas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de acción e de divulgación das diferentes alternativas ou modelos que permitan racionalizar a planta municipal actual coa finalidade de mellorar a eficiencia e o benestar da poboación.

O convenio ten como principal obxectivo abrir un debate sobre a necesidade de actualizar o mapa político-administrativo de Galicia, así como avaliar se a actual planta municipal é eficiente, estudar alternativas que melloren a súa eficacia e mitiguen os problemas que xera o despoboamento e formular propostas para incentivar novos procesos de fusión.

O acordo coa Fundación Juana de Vega estará vixente ata o 31 de outubro do 2022, cun orzamento de 72.600 euros; 10.000 na presente anualidade e 62.600 o seguinte ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA O TERMALISMO COA COMERCIALIZACIÓN DE 1.500 PRAZAS DO PROGRAMA DE ESTADÍAS EN BALNEARIOS

- En total o Goberno galego investiu 175.000 euros na recuperación do termalismo galego grazas a este programa, en colaboración coa asociación Balnearios de Galicia
- A través de Verán e Outono Termal comercializarase 1500 prazas nunha ducia de balnearios das catro provincias.
- A prórroga do programa responde á necesidade de paliar o impacto no sector que está a provocar a ausencia do programa de termalismo social do IMSERSO

O Consello da Xunta deu conta hoxe do proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia para a promoción do turismo termal a través do Programa de estadias en balnearios de Galicia Verán e Outono Termal. A achega da Xunta de Galicia para a continuidade deste programa é de 75.000 euros, que se suman aos 100.000 € iniciais consignados no Verán Termal.

A través desta addenda, o Goberno galego renova a súa aposta por un sector fundamental para o turismo galego como é o termal mediante un programa que contribuíu durante o verán á desestacionalización do termalismo coa comercialización de 800 prazas en doce balnearios galegos e que agora se prorroga ata o 28 de novembro.

A continuidade deste programa a través do Outono Termal considérase necesaria para amortecer o impacto económico que está a provocar no sector a paralización dos programas estatais do IMSERSO, que debían ter comezado en outubro. A posta en marcha do Outono Termal permitirá comercializar un total de 709 prazas en 12 balnearios das catro provincias – 59 prazas por balneario-, para gozar de estadias de 10 días/9 noites en establecementos hoteleiros con tratamentos terapéuticos baixo prescrición médica e dirixido a pensionistas galegos ou residentes en Galicia.

Os balnearios que participan na iniciativa son: na provincia da Coruña, o balneario de Carballo e Balneario de Compostela; na de Lugo, Balneario de Lugo – Termas Romanas e Iberik Augas Santas Balneario & Golf; en Ourense, os de Arnoia, Laias, Gran Balneario do Carbaliño (con aloxamento no Hotel Derby ou no Hotel Lorenzo); e da provincia de Pontevedra os balnearios Acuña (Caldas de Reis), balneario Dávila, Caldelas de Tui, Mondariz e Termas de Cuntis.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Reactivación do sector termal**

A continuidade desta iniciativa encádrase no marco do Plan de choque con que o Goberno galego está a reimpulsar os sectores especialmente afectados pola pandemia e que xa supuxo un investimento de 31,2 millóns de euros no sector turístico galego. Búscase así seguir apoiando a recuperación do sector termal, que comeza agora a súa tempada alta sen contar cun programa fundamental como o do IMSERSO, a través do que se ían comercializar en Galicia 4.300 prazas.

En total, a través desta iniciativa Verán e Outono Termal comercializaranse este ano 1500 prazas en balnearios das catro provincias, ás cales se lles engaden as prazas que se están a comercializar a través do programa Elixes Galicia, máis de 1500 só no programa Balnearios no que levamos de ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 4,38 MILLÓNS DE EUROS Á RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DOS CENTROS DEDICADOS Á CAPACITACIÓN E INCLUSIÓN DIXITAL DA CIDADANÍA**

- O Consello de Goberno aprobou o acordo marco para a subministración de equipamento tecnolóxico das aulas da rede CeMit e do resto dos centros da Xunta que realizan actividades de formación en competencias dixitais.
- A rede CeMit é o escenario principal do desenvolvemento para a cidadanía do novo Marco galego de competencias dixitais, tanto na formación como na avaliación para a obtención do novo certificado galego de competencias dixitais.
- O acordo marco permitirá dotar os centros con equipamento básico adaptado ás necesidades especiais de inclusión, así como con complementos innovadores de robótica, dron, impresión 3D, realidade virtual e placas de comunicación e programación.

Os centros dedicados á capacitación e inclusión dixital da cidadanía de Galicia disporán de novos equipamentos básicos adaptados ás necesidades especiais, así como de complementos innovadores, grazas ao acordo marco aprobado hoxe polo Consello de Goberno.

O acordo marco permitirá destinar 4,38 millóns de euros á renovación do equipamento tecnolóxico das aulas da rede CeMit, froito da cooperación cos concellos e coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), e do resto dos centros da Xunta que realizan actividades de inclusión e capacitación dixital.

O texto aprobado hoxe refírese á tramitación do acordo marco cun único provedor en cada un dos dous lotes previstos. O primeiro dos lotes terá unha dotación máxima de 3,75 millóns de euros que se destinarán á dotación básica dos centros. Esta dotación básica inclúe equipamentos como teclados, ratos, pantallas interactivas, sistemas de videoconferencia, tabletas ou libro electrónico, entre outros. Tamén consta de complementos inclusivos adaptados a necesidades especiais, como pantallas táctiles, controladores de queixo, teclados adaptados a braille, etc.

O segundo dos lotes ten un valor estimado de 629.000 euros, que se destinarán a complementos tecnolóxicos innovadores, como impresoras 3D, kit de robótica, dron, gafas de realidade virtual ou placas de comunicación e programación.

As aulas CeMit son o escenario principal para o desenvolvemento do novo Marco galego de competencias dixitais, no que se refire á capacitación da cidadanía. O Marco foi

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aprobadado polo consello no mes de xuño e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022. Estes centros asumen a formación e tamén a avaliación para a obtención do novo certificado galego de competencias dixitais, que tamén entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

Na actualidade, a rede CeMit está formada por 97 aulas situadas en 91 concellos de Galicia. A rede foi creada en 2010, e desde 2016 forma parte tamén do Plan de inclusión dixital de Galicia.

A Estratexia Galicia dixital 2030 establece o obxectivo de que máis do 70 % da cidadanía teña competencias dixitais básicas en 2025 e que, cando menos, a metade sexan mulleres. Na actualidade, un 52,4 por cento das persoas de Galicia realizan trámites coa Administración a través da canle dixital e o obxectivo é que en 2025 sexa un 70 %.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FACILITA A INSERCIÓN LABORAL DE 10 GRADUADOS EN TITULACIÓNS RELACIONADAS COA VIVENDA E O URBANISMO CUN ANO DE PRÁCTICAS REMUNERADAS NO IGVS

- Os bolseiros, universitarios que remataron os seus estudos superiores con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018, incorporaranse aos seus postos en novembro
- É a segunda vez que se convocan este tipo de bolsas formativas, coas que se busca completar os estudos académicos e os coñecementos teóricos dos recentemente titulados

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) incorporará a partir do mes de novembro 10 bolseiros titulados nos graos de Arquitectura, Arquitectura Técnica, Dereito e Economía para darlles a oportunidade de realizar prácticas complementarias aos seus estudos e favorecer así o seu acceso ao mercado de traballo pola vía da especialización en materias relacionadas coa vivenda.

O Consello da Xunta foi informado esta mañá da resolución do organismo autonómico pola que acorda conceder as 10 bolsas formativas que convocou o pasado mes de xuño.

Cómpre lembrar que esta é a segunda vez que o IGVS ofrece prácticas remuneradas a persoas que se acaban de graduar en titulacións relacionadas cos seus distintos eidos de actuación, unha posibilidade que nesta ocasión decidiu abrir a novas ramas profesionais.

Así, se na convocatoria de 2019 se ofertaran seis bolsas para graduados en estudos de Arquitectura e dúas para titulados de Arquitectura Técnica, este ano o IGVS ofertou 10 prazas coa seguinte distribución: seis para persoas co grao en Arquitectura ou con grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante; dúas para graduados en Arquitectura Técnica, unha para titulados en Dereito e outra para o grao de Economía.

O obxectivo é facilitar a realización de prácticas complementarias aos estudos teóricos que ofrecen estas catro ramas, así como favorecer o acceso ao mercado laboral de estudantes que rematasen recentemente a súa formación superior —con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018— e non teñan un emprego remunerado ou unha bolsa similar.

De feito, durante as súas prácticas no IGVS recibirán formación en materias relacionadas coa construción e promoción de vivenda pública, a tramitación do planeamento sectorial do solo e a redacción e xestión de plans e proxectos técnicos urbanísticos. Así mesmo, tamén adquirirán coñecementos e experiencia relativos ás funcións de contido xurídico, económico e contable derivadas das devanditas actuacións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As prácticas terán unha duración de 12 meses, poderán prorrogarse por un novo período de 6 meses máis, e levarán asociado un custo total de 126.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A CONSELLERÍA DE SANIDADE E AUGAS DE GALICIA COLABORARÁN NO CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS DE 200 SISTEMAS DE ABASTECIMENTO AUTÓNOMO DE SEIS MUNICIPIOS

- A Xunta está a impulsar a implantación de plans de abastecemento autónomo nos municipios de Oia, Baleira, Oímbra, Mondariz, San Xoán de Río e Cerdedo-Cotobade, seleccionados para esta iniciativa, dotada cun investimento de 900.000€
- O acordo autorizado hoxe permitirá a análise dos parámetros de calidade das augas de consumo nos 200 sistemas de abastecemento inventariados nestes concellos
- Augas de Galicia trasladará as mostras ao Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, que efectuará as análises de acordo cos métodos recollidos na lexislación
- O obxectivo dos plans municipais de abastecemento autónomo que impulsa a Xunta é achegar as claves para unha autoxestión sustentable, segura e resiliente, que poida ser exportada a outro tipo de sistemas de autoabastecemento no rural de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e a Consellería de Sanidade, a través do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, para o control da calidade das augas veciñais no marco dos plans de abastecemento autónomo que se están a elaborar en seis concellos.

Nesta cooperación entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, estímase un orzamento de preto de 120.000 euros para efectuar as tarefas de control da calidade das augas, que aboará a entidade hidráulica da Xunta. O convenio autorizado hoxe terá vixencia ata finais de 2022.

Con este acordo búscase avanzar no desenvolvemento destes plans de abastecemento autónomo nos concellos de Oia, de Baleira, de Oímbra, de Mondariz, de San Xoán de Río e de Cerdedo-Cotobade. Estes concellos foron seleccionados na primeira convocatoria da Xunta para a elaboración e implantación de plans municipais de abastecemento autónomo, cun investimento autonómico de 900.000 euros.

Os traballos de elaboración dos plans, que comezaron o pasado mes de xullo e se realizarán durante 18 meses, perseguen, en primeiro lugar, avaliar a adecuación das actuais instalacións dos sistemas autónomos veciñais para prestar o servizo de abastecemento de auga para o consumo en cantidade e con garantía sanitaria,

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

identificando os riscos sanitarios asociados ao consumo da auga subministrada polos sistemas autónomos no ámbito do plan.

A finalidade da cooperación autorizada hoxe polo Executivo autonómico é levar a cabo unha adecuada programación e desenvolvemento das análises en laboratorio dos parámetros de calidade das augas veciñais nos sistemas de abastecemento inventariados e visitados nestes seis concellos onde se están a desenvolver os plans municipais de abastecemento autónomo.

Segundo se reflicte no acordo, para a realización destes plans, e dentro destes seis concellos, seleccionáronse 200 sistemas de abastecemento autónomo dos que se tomarán as mostras.

Esta parte do traballo da Xunta permitirá, a continuación, priorizar as actuacións necesarias e facer unha proposta de melloras para adoptar nestas redes de subministración de auga potable no rural. Finalmente, elaborárase o documento do Plan municipal de abastecemento autónomo que recollerá as pautas, requisitos e necesidades para este tipo de traídas, o que redundará na mellor prestación deste servizo básico, de competencia municipal, á poboación.

O Goberno galego impulsa a implantación destes plans co obxectivo de achegar aos usuarios deste tipo de sistemas de abastecemento as claves para unha autoxestión sustentable, segura e resiliente, que poida ser exportada a outro tipo de sistemas de autoabastecemento no rural de Galicia.

### **Compromisos do acordo autorizado**

Segundo o convenio autorizado hoxe, Augas de Galicia deberá levar as mostras a analizar ao Laboratorio de Saúde Pública de Galicia e remitiralle periodicamente unha planificación das mostraxes que se vaian efectuar.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade, a través do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, realizará os traballos de análise de acordo cos métodos de medida de referencia recollidos na lexislación e proporcionará os procedementos analíticos que se deben utilizar no desenvolvemento dos traballos.

Ademais, o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, acreditado desde o ano 1998 pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025 para a realización de ensaios de produtos agroalimentarios e augas, comprométese a

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entregar os resultados das análises nun prazo inferior a dous meses desde o momento en que se entreguen as mostras.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III COLABORARÁN PARA A MELLORA DO COÑECEMENTO DA INFECCIÓN POR VIH EN GALICIA**

Para tal efecto, o Executivo galego investirá a cantidade de 23.805 euros en dous exercicios

O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III, para a mellora do coñecemento da infección polo VIH en Galicia. Esta mellora no coñecemento da enfermidade favorecerá a posta en marcha de medidas de saúde pública destinadas a combater o VIH na nosa Comunidade, mediante o estudo de epidemioloxía molecular; da circulación de formas xenéticas e clústeres de transmisión, así como as características biolóxicas e de susceptibilidade a terapias antirretrovirais dos virus que se están a transmitir en Galicia e as súas asociacións epidemiolóxicas e dinámicas de expansión.

Este colaboración permitirá mellorar a atención sanitaria de pacientes que están sendo atendidos nos hospitais do Sergas, no que atinxe a aspectos como a prevalencia de infeccións polas distintas formas xenéticas do VIH; as súas asociacións con variables epidemiolóxicas; as características biolóxicas asociadas á maior virulencia e mutacións asociadas á resposta diminuída a fármacos antirretrovirais, así como a dinámica de expansión.

Para levar a cabo esta colaboración concretada na sinatura do convenio, a Xunta de Galicia destinará un total de 23.805 euros, en dous exercicios.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE USO QUE PERMITIRÁ A AMPLIACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA PARA FACILITAR A CREACIÓN DE RIQUEZA E EMPREGO NESTE CONCELLO

- O Consello do Goberno galego autoriza o cambio de uso do solo, que permitirá unha modificación puntual do PXOM, en aplicación da Lei de montes, malia terse rexistrado hai tempo incendios forestais na contorna do polígono, ao concorrer razóns de interese público derivadas de necesidades de ordenación e xestión sustentable do territorio
- Logo da autorización do cambio de uso de solo, a modificación puntual do PXOM deberá ser aprobada definitivamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de uso do solo rústico de protección forestal que permitirá a ampliación do polígono industrial de Ribeira (A Coruña) para acoller novas instalacións e favorecer así o incremento do emprego e a creación de riqueza neste municipio. Este cambio está incluído na modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) -cuxa tramitación deberá ser rematada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tras esta autorización- e prodúcese despois de constatar que existen razóns de interese público derivadas de necesidades de ordenación e xestión sustentable do territorio. A aprobación da modificación do PXOM permitirá satisfacer a alta demanda de solo para uso industrial neste concello, tendo en conta que o polígono está totalmente ocupado, e posibilitase así o desenvolvemento dun novo espazo industrial que responda a esta demanda.

Neste caso, o cambio faise en aplicación do disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que atribúe ao Consello da Xunta a competencia da autorización dos cambios de uso forestal a outros usos non agrarios naqueles terreos forestais onde se produciu un incendio forestal, durante trinta anos desde que este se produciu. Neste sentido, a devandita lei establece, no seu artigo 59.4, que "con carácter singular, de forma excepcional, cando concorren razóns de interese público derivadas de necesidades de ordenación e xestión sustentable do territorio, o Consello da Xunta, mediante acordo motivado, poderá autorizar a tramitación de cambios de uso forestal".

Cómpre indicar que nesta ocasión estamos diante dunha modificación puntual dun instrumento de planeamento promovida por un concello, e non por un particular, que parte de necesidades constatadas de solo industrial e que considera amplas clasificacións de solo rústico en compensación ao novo solo industrial.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, este cambio ten garantido, no proceso de avaliación estratéxica, a axeitada integración dos aspectos ambientais co desenvolvemento económico equilibrado e sustentable do territorio, a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación e a utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, en coherencia co modelo territorial que establecen as directrices de ordenación do territorio (DOT). Trátase, pois, dun procedemento que se leva a cabo de acordo co que establece a normativa para casos de interese xeral coma este.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE 19,6M€ PARA SEGUIR AVANZANDO NO POLO DE TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS, NA BIOTECNOLOXÍA APLICADA Á SAÚDE E NAS CIENCIAS MARIÑAS**

- A través destes plans complementarios de I+D+i do Estado, Galicia terá a oportunidade de crear sinerxías con outras comunidades e coordinar as distintas capacidades para seguir modernizando a súa economía e transformando o modelo produtivo
- O Goberno galego suma 9,6M€ para continuar co seu obxectivo de facer da Comunidade un referente para o desenvolvemento e validación de tecnoloxías de comunicación cuántica con vocación de impacto en diferentes sectores produtivos
- No eido da biotecnoloxía aplicada á saúde, traballará en novas ferramentas para diagnóstico, prognóstico e terapias de medicina personalizada
- Destinará 10M€ para investigación e innovación no eido das ciencias mariñas con especial interese na economía azul

Galicia contará con 19,6M€ para seguir avanzando en proxectos e áreas estratéxicas que lle permitan impulsar a súa competitividade a través da investigación, como o Polo de Tecnoloxías Cuánticas, a biotecnoloxía aplicada á saúde e ás ciencias mariñas.

A Comunidade participará en tres das catro primeiras áreas de I+D+i activadas polo Ministerio de Ciencia e Innovación no marco dos plans complementarios coas rexións españolas ligados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. O obxectivo é fomentar a coordinación das capacidades rexionais en investigación, construír sinerxías territoriais e apoiar proxectos de transformación económica territorial.

Así, Galicia -a través do Cesga, que será o encargado de coordinar as accións desde a nosa Comunidade- poderá avanzar, xunto co País Vasco, Cataluña, Madrid e Castela e León, ademais do CSIC, no eido das comunicacións cuánticas. Para logralo contará con 9,6M€ (3,4 corresponden a recursos propios da Administración galega).

O proxecto enmárcase no Polo de Tecnoloxías Cuánticas que busca consolidar Galicia como referente para o desenvolvemento e validación de tecnoloxías de comunicación cuántica con vocación de impacto en diferentes sectores produtivos. O investimento súmase ao convenio por importe de 11,6M€ asinado recentemente pola Xunta e o Cesga para despregar unha infraestrutura baseada en tecnoloxías cuánticas, así como aos 7M€

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

achegados polo Goberno galego e o CSIC para implantar o novo supercomputador Finisterrae III.

Galicia tamén aspira a que o Executivo central asigne fondos europeos Next Generation a este Polo cuxos avances permitirán acelerar o desenvolvemento económico grazas ás aplicacións destas tecnoloxías en medicina, medio natural, biotecnoloxía, aeronáutica, automoción ou loxística.

Por outra parte, Galicia poderá seguir avanzando na biotecnoloxía aplicada á saúde dentro dun programa de colaboración co País Vasco, Cataluña, Castela–A Mancha e Extremadura para desenvolver ferramentas para diagnóstico, prognóstico e terapias de medicina personalizada.

Non recibe asignación económica por parte do Estado, pero Galicia contribuirá como socio estratéxico achegando as capacidades de institucións como a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, os institutos de investigación (Insituto de Investigación Sanitaria de Santiago, Instituto de Investigación Biomédica da Coruña e Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur), o Sergas, a Fundación Kaertor, a Business Factory Medicines (BFMedicines), a plataforma Innopharma, o Grupo Zental, o hub de innovación dixital DATAlife e o Cesga.

Por último, Galicia contará con 10M€ (4 de fondos propios) para traballar xunto con Andalucía, Cantabria, Murcia e a Comunidade Valenciana nunha estratexia conxunta de investigación e innovación en ciencias mariñas para abordar de xeito sustentable os novos desafíos na monitoraxe e observación, a acuicultura e outros sectores da economía azul, potenciando, ademais, o turismo costeiro e mariño.

Os avances en investigación nestas tres áreas estratéxicas permitirán seguir no camiño da modernización da economía galega, da transformación do modelo produtivo, da reconstrución económica sólida, inclusiva e resiliente e do posicionamento en nichos e tecnoloxías competitivas aproveitando as fortalezas galegas e potenciando o desenvolvemento da industria científica grazas á coordinación das capacidades rexionais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA DISPÓN DE 37M€ PARA PROMOVER AS ENERXÍAS RENOVABLES, O AUTOCONSUMO E O ALMACENAMENTO ENERXÉTICO**

- A Xunta contará con preto de 17,2M€ para particulares, autónomos, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas que se suman aos 19,8M€ para empresas activados a semana pasada
- As axudas contribuirán á redución dos custos enerxéticos nun momento de continua escalada de prezos na factura de fogares e tecido empresarial, ademais de xerar emprego e favorecer unha mellora ambiental no obxectivo de contar cunha Galicia cada vez máis verde

A Xunta de Galicia destinará 37 millóns de euros a promover as enerxías renovables, o autoconsumo e o almacenamento enerxético. Tras activar, a pasada semana, 19,8M€ para proxectos dirixidos a empresas, o Consello da Xunta aprobou unha convocatoria de axudas, que suma 17,2M€, dirixidas a particulares, autónomos, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas co obxectivo de mobilizar 98M€, favorecer aforros económicos de 10,1M€ ao ano e reducir as emisións anuais de CO<sub>2</sub> en 33.100 toneladas, o equivalente a plantar 1.655.000 árbores.

En concreto, Galicia contará con 11,5M€ para fomentar o autoconsumo eléctrico a partir de enerxías renovables cunha nova convocatoria que terá por destinatarios os particulares, autónomos, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas. De concorrencia non competitiva, a intensidade de axuda varía en función da instalación, pero calcúlase que poida permitir aforros nas facturas enerxéticas de 2,6 millóns de euros ao ano e mobilizar 28 millóns.

Por outra parte, activarase unha convocatoria de renovables térmicas dirixida ao sector residencial para apoiar proxectos de aerotermia, xeotermia, biomasa ou solar térmica. Cunha dotación de preto de 5,7M€, a intensidade da axuda tamén é moi variable pero os apoios poden chegar aos 13.500 euros no caso de instalacións xeotérmicas de circuíto pechado. Con estas axudas agárdase mobilizar ao redor de 10M€ e aforros económicos de de 500.000 euros ao ano.

As convocatorias, financiadas con fondos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, abranse ao longo do mes de decembro e as peticións de axuda serán presentadas directamente polo solicitante, agás no caso de persoas físicas que non realicen actividades económicas ou unha comunidade de propietarios, que o farán a través de entidades colaboradoras. Agárdase chegar a 3000 beneficiarios.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, desde a semana pasada está xa aberta a convocatoria de autoconsumo e almacenamento enerxético destinada a empresas. Grazas a estes apoios, que contan cun orzamento de 19,8M€, agárdase mobilizar 60M€, conseguir aforros enerxéticos anuais de 65.000 MWh/ano e económicos de 7M€, así como unha redución de emisións de 23.000 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano, equivalente á acción de 1.150.000 árbores.

A Xunta segue, pois, comprometida co impulso dunha Galicia máis verde, fomentando o uso de enerxías renovables entre todo tipo de usuarios -fogares, empresas e administracións- co obxectivo de avanzar na transición ecolóxica. Estes apoios contribuirán á redución dos custos enerxéticos dos beneficiarios, nun momento de continua escalada de prezos na factura da luz que teñen que pagar familias e empresas; ademais da creación de emprego, a reactivación económica e a mellora ambiental que repercute na calidade de vida dos cidadáns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA ELABORA UN PLAN DE INFRAESTRUTURAS SANITARIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA QUE PRIORIZA 51 NOVAS ACTUACIÓNS EN CENTROS DE SAÚDE**

- O Plan, distribuído en tres fases, prevé a posta en marcha de 37 centros de saúde a reforma doutros 14
- Trátase do primeiro documento reitor que funciona a modo de plan director para marcar unha folla de ruta a medio prazo na planificación de infraestruturas sanitarias de primaria tras completarse máis de 20 obras nos últimos catro anos
- Permitirá ir priorizando investimentos do Goberno galego e ir axilizando os trámites tanto dentro da Xunta como na colaboración cos concellos para obter os terreos necesarios
- Os criterios fundamentais que se tiveron en conta para establecer a priorización destas futuras actuacións foron tanto técnicos como asistenciais

A Xunta de Galicia elaborou un Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria que prevé a posta en marcha de 37 centros de saúde e a ampliación ou reformas noutros 14 xa existentes. En total, serán 51 actuacións divididas en tres fases. Trátase do primeiro documento reitor que funciona a modo de plan director para marcar unha folla de ruta a medio prazo na planificación das infraestruturas sanitarias de primaria, do mesmo xeito que se fixo coas educativas, as xudiciais ou as hospitalarias.

Co remate neste mes de outubro da obra de construción do centro de saúde de Bouzas (Vigo) e das obras de reforma dos centros de saúde de Mugardos e Bertamiráns (Ames) conclúe un período de catro anos en que se completaron máis de 20 obras en centros de primaria. A Xunta ten neste momento só dúas infraestruturas de atención primaria en proceso de construción (CIS de Lugo e CIS de Lalín) e tres reformas en disposición de comezar antes de que remate este ano (ampliación do centro de saúde do Porriño e reformas dos centros de saúde da Arnoia e Ribadavia).

Neste contexto, a Xunta de Galicia tomou a determinación de que é o momento de impulsar un Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria que sirva a xeito de plan director do investimento futuro nesta rede de centros, deseñando así unha folla de ruta que centre as prioridades a curto e medio prazo e cumprindo un mandato parlamentario do último debate do Estado da Autonomía, en que se aprobou unha resolución ao respecto.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A elaboración deste plan aliñase coa estratexia de transformación que a Xunta está a desenvolver na atención primaria a través do documento estratéxico “Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde”. Así, o Executivo galego está a apostar pola potenciación da atención multidisciplinar, do traballo en equipo e o desenvolvemento en plenitude das competencias de cada categoría profesional implicada neste nivel asistencial, cunha vocación de impulso á saúde comunitaria.

A aprobación deste documento posibilita deixar claras as prioridades do Sergas, axudando a centrar esforzos dos servizos de ordenación asistencial, obras, supervisión de proxectos, contratación e patrimonio, para poder traballar coa certeza dun horizonte a medio prazo, así como das administracións locais que, co coñecemento deste plan e das características do centro proxectado no seu municipio, poden ir traballando nos trámites patrimoniais e urbanísticos co fin de poñer á disposición do departamento sanitario galego os terreos necesarios para a construción dun centro que xa teñen a garantía de que é prioritario para a Xunta.

Do mesmo xeito, e como complemento a este plan, redefiniuse un documento de normas de deseño e construción de centros de saúde, xa que o deseño dos centros sanitarios ten tamén un papel fundamental na súa funcionalidade. Estas normas son froito de toda a experiencia adquirida tanto na construción como no uso de todas as infraestruturas, e unifican estándares técnicos co fin de facilitar a elaboración de proxectos de centros de saúde.

O documento de normas inclúe criterios arquitectónicos homoxéneos de superficie, estrutura e características para as áreas asistenciais e de traballo dos distintos centros de primaria, así como estándares de equipamento e mobiliario de cada un destes espazos e normas comúns sobre os criterios construtivos, as instalacións e as urbanizacións, ademais de criterios de sustentabilidade ambiental da infraestrutura.

### **Tres fases**

Os criterios que se tiveron en conta para establecer a priorización destas futuras actuacións foron tanto técnicos como asistenciais, valorando circunstancias como a antigüidade dos actuais centros ou o seu estado de conservación, así como as carencias funcionais e operativas que as áreas atopan neles para adaptalos ás necesidades actuais de asistencia sanitaria.

Ademais, en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio detectáronse mediante mapas de isócronas as áreas de maior poboación máis afastadas dun centro hospitalario e, por tanto, candidatas á instalación dun centro integral de saúde (CIS), o que

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

determinou o impulso de tres novos CIS nas comarcas de Bergantiños, O Morrazo e O Baixo Miño, situados en Carballo, Cangas e A Guarda.

O plan hoxe abordado no Consello da Xunta distribúese en tres fases. Unha fase 0, en que figuran aquelas dez actuacións que xa comezaron a súa tramitación pero nas cales aínda non se licitaron as obras, que son nove centros novos (Abegondo, Santa Lucía na Coruña, Antas de Ulla, CIS de Ourense, A Rúa, Moaña, Soutomaior, Vilagarcía de Arousa e CIS de Vigo); ademais da reforma do centro de saúde de Conxo (en Santiago).

Unha fase 1, en que figuran 21 actuacións identificadas como máis urxentes polo Sergas dadas as necesidades asistenciais, que son, 14 centros novos (Noia, Porto do Son, Ribeira, Sagrado Corazón en Lugo, Pantón, Ribadeo, Boborás, O Carballiño, Muíños, Caldas de Reis, CIS de Cangas do Morrazo, O Grove, CIS de A Guarda e Poio); e sete reformas (Carballo, para a súa conversión en CIS), Cedeira, Culleredo (Acea de Ama), A Milagrosa en Lugo, Meira, Outeiro de Rei e Moraña.

Unha fase 2, na que figuran outras 20 actuacións identificadas como estratéxicas e que se queren iniciar na segunda metade desta lexislatura, que son 14 centros novos (Fene, San Xoán en Ferrol, Fisterra, Malpica de Bergantiños, Teo, Becerreá, Guntín, Allariz, Montederramo, Mariñamansa (Ourense), Barro, Meis, Mos e Pontearreas); e seis reformas (Vimianzo, Foz, Praza de Ferrol en Lugo, Ribas de Sil, Viana do Bolo e O Rosal).

Cómpre sinalar que os orzamentos da Xunta para 2022 xa prevén partidas para desenvolver este plan, en concreto, para iniciar as obras da fase 0 (2,3 millóns para o CIS de Vigo; 1,5 para o CIS de Ourense; 1 millón para Santa Lucía (A Coruña); 930.000 euros para Moaña, 700.000 para Abegondo; 400.000 para Antas de Ulla e 400.000 para A Rúa). Tamén prevén 800.000 euros para licitar proxectos entre os que estarán Soutomaior e Vilagarcía, por ter asignados protocolos e identificadas as parcelas, e nos cales podería entrar calquera outro novo centro proxectado no Plan se o concello ofrece parcela e asina o preceptivo acordo de colaboración. Así mesmo, recollen 2,65 millóns para licitar obras de reforma da fase 1, que non necesitan de colaboración municipal xa que son sobre edificios do Sergas.

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 92 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre mais de 75.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as 2 obras que están en marcha. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, preto de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONSTATA QUE MÁIS DO 65 % DA SUPERFICIE DOS 270 CONCELLOS SUMADOS AO CONVENIO DE DEFENSA DAS ALDEAS ESTÁ XESTIONADA**

- Así o reflicte un informe da Consellería do Medio Rural, avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego, sobre o desenvolvemento do convenio asinado en 2018 pola Xunta, a Fegamp e Seaga para a protección dos núcleos habitados fronte o lume
- No documento conclúese que todos os datos sobre a evolución do convenio, para o que a Xunta achega preto de 29 millóns de euros en catro anos, amosan un incremento evidente no grao de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa
- Sumando os resultados das 157 parroquias priorizadas e das non priorizadas revisadas ata o momento ao abeiro deste convenio, o número de parcelas supervisadas ascende a preto de medio millón e delas están xestionadas case 299.000, o que representa o 63 % do total
- Canto á superficie, a total supervisada supera as 29.000 hectáreas e a xestionada aproxímase ás 19.000 hectáreas, o que supón máis do 65 % do total
- Ata o momento a Xunta xerou preto de 200.000 notificacións e publicacións por incumprimento da obriga de limpeza que foron remitidas aos respectivos concellos
- A Xunta xa elaborou 242 plans municipais de prevención de incendios dos que foron aprobados definitivamente 149

Máis do 65 % da superficie incluída no convenio de defensa das aldeas, asinado en 2018 pola Xunta, pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e por Seaga, está xa xestionada a día de hoxe. Así o reflicte un informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego. Neste documento analízase a evolución e os avances conseguidos no marco deste acordo, que puxo en marcha o sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, as máis próximas ás vivendas, para a protección dos núcleos habitados fronte o lume. Esta é unha competencia municipal, pero a Xunta decidiu asumila no marco da cooperación interadministrativa que require un tema tan importante como é a anticipación aos incendios forestais. Ademais, coa aplicación deste convenio, cumprense as recomendacións do Ditame da comisión parlamentaria forestal tras os lumes de 2017.

Así, para ter unha idea do importante volume de traballo realizado ao abeiro do convenio, sumando as 157 parroquias priorizadas de 81 concellos e as non priorizadas revisadas ata o momento ao abeiro deste convenio, o número de parcelas inspeccionadas ascende a preto de 474.000 e delas están xestionadas case 299.000, o que representa o 63 % do total. En canto á superficie, a total revisada supera as 29.000 hectáreas e a xestionada aproxímase ás 19.000 hectáreas, o que supón máis do 65 % do

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

total. Ademais, a Xunta xerou e remitiu aos concellos un total de 197.084 notificacións e publicacións tanto das parroquias priorizadas como das non priorizadas, para que estes, unha vez asinadas, as remitan aos propietarios.

Polo tanto, no informe conclúese que todos os datos sobre a evolución do convenio, para o que a Xunta achega preto de 29 millóns de euros en catro anos, amosan un incremento evidente no grao de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa. Neste sentido, cómpre destacar que, a día de hoxe, hai un total de 270 concellos adheridos ao convenio, o que representa máis do 86 % do total dos municipios galegos.

Nesta liña, de cara a seguir implementando a limpeza da biomasa nas proximidades das vivendas, a Xunta iniciará en breve os traballos de roza como execución subsidiaria en todas as parroquias (priorizadas e non priorizadas) nos seguintes concellos: Carnota, As Nogais, Cualedro, Monterrei, A Gudiña, Lobios e Gondomar. A selección destes municipios fíxose consonte criterios técnicos, por seren a maior parte deles (especialmente os de Ourense e Pontevedra) dos que rexistran, tradicionalmente, unha elevada actividade incendiaria. Ademais, tamén se tivo en conta o feito de que nestes municipios están avanzadas as revisións de Seaga nas parroquias non priorizadas.

### **Parroquias priorizadas**

Nas 157 parroquias priorizadas de 81 concellos, o número total de parcelas revisadas pasou de algo máis de 75.000 en 2019 a superar as 180.000 neste 2021, o que supón un incremento de case o 140 %. Dentro deste espazo delimitado, as parcelas xestionadas pasaron de case 41.000 hai tres anos a preto de 118.000 en 2021, o que supón un incremento de case o 190 % no período. É dicir, practicamente se multiplicaron por tres. A superficie xestionada evolucionou nunha porcentaxe semellante (o 187 %), desde as case 2.300 hectáreas de 2019 ata as máis de 6.500 no 2021. Tamén neste caso case se multiplicou por tres. Polo tanto, estes datos fixeron posible que a porcentaxe tanto de parcelas como de hectáreas xestionadas sobre o total delimitado pasase de ser da metade, aproximadamente, en 2019, a case o 70 % este ano 2021. Polo tanto, podemos dicir que, hoxe en día, case 3 de cada 4 parcelas definidas nas parroquias priorizadas están xa xestionadas e o mesmo ocorre coa superficie xestionada.

Ademais, para fomentar esa adecuada xestión da biomasa, a Xunta segue colaborando cos concellos para notificar aos propietarios das parcelas as súas obrigas en relación coa xestión da biomasa. Neste caso, o número de notificacións e de publicacións xeradas e remitidas aos concellos, para a súa remisión posterior, debidamente asinadas, aos titulares, ascende a 68.800.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Parroquias non priorizadas

Ademais, cabe salientar que a Xunta foi un paso máis alá no obxecto inicial do convenio e decidiu supervisar tamén o estado das parroquias non priorizadas, tanto en concellos que xa dispoñen delas como naqueles que non as teñen definidas e que teñen unha incidencia alta de lumes, como apoio ao labor municipal. Así, para isto, contratáronse un total de 30 capataces que se están a encargar desa supervisión do estado de xestión da biomasa nesas parcelas. Estes 30 sumáronse a outras 15 persoas que xa viñan traballando no territorio, polo que son un total de 45.

Así, nas parroquias non priorizadas dos 53 concellos revisados integramente, constatouse que do total das 293.821 parcelas inspeccionadas está xestionada unha superficie de case o 65 % e de preto do 62 % das parcelas. Respecto do número de notificacións e publicacións xeradas e remitidas aos concellos, para a súa remisión posterior, debidamente asinadas, aos titulares, ascende a 128.284.

### Outras accións

No que atinxe á asistencia técnica aos concellos, a Xunta segue actuando en diferentes ámbitos, como é o apoio aos municipios para a delimitación das faixas secundarias e a tramitación dos seus plans de prevención e defensa contra incendios. Neste sentido, a Consellería do Medio Rural elaborou un total de 242 plans doutros tantos concellos. Deles, 149 xa están aprobados e o resto están en tramitación.

Canto á dotación de ferramentas informáticas, todos os concellos sumados ao acordo e que contan con plan de prevención, dispoñen dun visor de traballo que permite determinar e visualizar as parcelas afectadas por faixas secundarias. Contan tamén coa aplicación Xesbío, para a xestión dos numerosos rexistros que xera o convenio que inclúe unha aplicación móbil.

Outras accións que prevé este convenio e que se recollen no informe teñen que ver coa execución de accións subsidiarias en todos os concellos adheridos que o soliciten. O convenio incluíu a posibilidade de que os municipios poidan solicitar de Seaga que leve a cabo as execucións subsidiarias nas faixas secundarias de xestión de biomasa, ata un máximo de 10 hectáreas por concello. En total, solicitaron estes labores 13 concellos. Os traballos desenvolvéronse en 42 parroquias.

Nesta liña, tamén se prevé, con cargo ao convenio, a xestión da biomasa ao longo de vías de titularidade municipal, ata un máximo de 10 quilómetros por concello e ano. Son os concellos os que teñen que solicitar á Xunta esta acción. En total, solicitaron esta posibilidade 113 concellos, realizándose os traballos en preto de 1.000 quilómetros.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, tamén se inclúen no convenio as aldeas modelo, para a recuperación e posta en valor das terras arredor de núcleos de poboación. Ata o de agora realizáronse traballos nun total de nove aldeas das 14 aprobadas en Galicia. Esta figura, lembremos, desenvólvese na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Outra actuación vén dada polo reforzo a actuacións preventivas mecanizadas nos concellos adheridos. Así, estanse a executar traballos mecanizados nos concellos adheridos, que permitirán acadar unha superficie de actuación en áreas devesa próxima ás 5.000 ha. Un total de 35 tractores están executando estes traballos, que xa se levaron a cabo en 30 concellos de toda Galicia. Ademais, neste ano 2021 entregouse esta maquinaria a 8 diferentes distritos forestais para continuar con estes labores.

O convenio prevé, ademais, a declaración -que se fará proximamente- dun total de 19 perímetros de alto risco de incendio (PARI) en vías municipais doutros tantos concellos galegos. Esta figura ten por obxecto previr os lumes forestais adecuando as infraestruturas preventivas e a rede de faixas de xestión de biomasa situadas preto das vivendas. En total, mediante esta figura prevese actuar en preto de 192 hectáreas de terreo pertencentes aos concellos de Bergondo, Carral, Ponteceso, Toques e Carnota, na provincia da Coruña; Navia de Suarna, Pantón e A Pastoriza, na de Lugo; Carballeda de Avia, O Carballiño, Maceda, Carballeda de Valdeorras, Manzaneda e Oímbra, na de Ourense, e Crecente, As Neves, Gondomar, Pazos de Borbén e Campo Lameiro na de Pontevedra

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA DESTINA MÁIS DE 7,5 MILLÓNS DE EUROS A 56 PROXECTOS PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA**

- Destas achegas, financiadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, benefíciense as confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar e asociacións de profesionais do sector
- A convocatoria deste ano introduciu como novidades que os proxectos poden ter unha vixencia de tres anos, fronte aos dous previstos anteriormente, e a inclusión dos equipamentos de toma de mostras como gastos subvencionables
- A estes apoios para a protección e recuperación da biodiversidade mariña engádense outros postos polo Executivo galego a disposición do sector como os destinados á rexeneración de bancos marisqueiros ou á recollida de lixo mariño, que mobilizaron un total de preto de dous millóns de euros nas convocatorias deste ano

A Consellería do Mar aprobou na convocatoria deste ano axudas para 56 proxectos colectivos que contribúen á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental, por importe de algo máis de 7,5 millóns de euros.

Estas accións, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e que poden chegar a cubrir o 100 % do investimento subvencionado, contan con orzamento para o período 2021-2023, dando así resposta á demanda do sector de que este tipo de apoios públicos teñan carácter plurianual.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria de 2021 destas achegas que reflicte que os seus principais beneficiarios son as confrarías de pescadores, ademais das organizacións de produtores, cooperativas do mar e as asociacións de profesionais do sector de Galicia que elaboren e desenvolvan proxectos colectivos con accións como a elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños vivos e a optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños, atendendo á Directiva marco sobre a estratexia mariña.

Outras actuacións subvencionables son aquelas que contribúen á vixilancia epidemiolóxica, como o envío de mostras ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras, e operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Dentro

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das operacións de salvagarda, o persoal de vixilancia actúa baixo a supervisión do Servizo de Gardacostas de Galicia e en colaboración con este.

A formación dos profesionais da pesca, orientada a adquirir novas competencias para unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven, é outra acción obxecto de axuda. A maiores, tamén se subvencionan actuacións de aumento da sensibilización ambiental coa participación directa do sector, que poden incluír campañas de divulgación.

As principais novidades da convocatoria deste ano foron a posibilidade de que os proxectos teñan unha vixencia de tres anos -ata agora limitábanse a dous- e a inclusión dos equipamentos de toma de mostras como gastos subvencionables.

### **Outros apoios**

Esta é a sétima convocatoria destas axudas no actual período de programación do FEMP co obxectivo de protexer e recuperar a biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas. A elas engádense as achegas para restauración dos ecosistemas mariños mediante accións como a rexeneración de bancos marisqueiros, con dúas liñas que este ano mobilizaron máis de 1,5 millóns de euros, e as de protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños, que suman apoios na convocatoria de 2021 por importe de preto de 350.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA